

**ASOCIACIÓN ITÍNERA,
VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL**

MEMORIA ANUAL
Ano 2008



Data de constitución: 10 de marzo 2005

CIF: G- 15983570

**Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma, nº:
2005/008577/1 (SC)**

**Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria (Vicepresidencia da Igualdade
e do Benestar), nº.: O-387**

**Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais (Vicepresidencia da
Igualdade e do Benestar), nº.: AS-1944**

Rexistro municipal de Asociacións, nº.: 399 (Concello de Santiago),

- 1. Introducción
- 2. Presentación.....
 - 2.1. Antecedentes
 - 2.2. Poboación que atende
 - 2.3. Obxectivos
 - 2.4. Liñas de actuación
 - 2.5. Estrutura (asociados, xunta directiva, voluntarios, usuarios, persoas contratadas, asesores técnicos, coordinación institucional)
- 3. Programas 2008
 - 3.1. Dirixidos directamente ós usuarios.
 - I. PROGRAMA EDUCATIVO “ACADEMIA ÁGORA”
 - II. INFORMÁTICA
 - III. ARTES PLÁSTICAS
 - IV. ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS
 - V. FUTBOL
 - VI. PROGRAMA AMIGOS, DE APOIO SOCIAL
 - VII. RESPIRO FAMILIAR. XORNADAS ACTIVAS DE FINDE SEMANA
 - VIII. CAMPAMENTOS DE VERÁN
 - IX. PROGRAMA “COCIÑA A TÚA VIDA”. ESCOLA DE COCIÑA E COMEDOR
 - X. PROGRAMA TEATRAL PARA Ó HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO.
 - XI. PROGRAMA DE ALOXAMENTO. PISO TUTELADO DE R/ ROSA.
 - 3.2. Dirixidos á poboación xeral.

1. INTRODUCCIÓN

A presente Memoria recolle a actividade levada a cabo pola Asociación durante o ano 2008, para sometela a aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria.

O 2008 estivo caracterizado polo mantemento da actividade precedente e a posta en marcha dalgún programa novo, en concreto a “Academia Ágora”, que reforza a área educativa e “Cociña a túa vida”, que consiste nun curso de cociña coa posibilidade de que os alumnos xanten diariamente.

Dende o punto de vista das relacións institucionais e do financiamento, destacamos a sinatura do Convenio coa Consellería de Sanidade á cal, no Plan Estratéxico de Saúde Mental, proponse *desenvolver un programa de promoción de voluntariado, específico e adaptado ás necesidades e peculiaridades de saúde mental*. Este convenio representa unha forma de lexitimación importante para Itínera.

O 2008 foi o cuarto ano de funcionamento da Asociación, e imos comprobando a crecente complexidade das exixencias das administracións dentro do papel que lle corresponde de asegurar unha boa calidade dos servizos e programas que se prestan ós cidadáns, e o control dos mesmos; a contrapartida para as asociacións é require moitos esforzos e tempo de traballo.

A asociación sigue fiel aos principios e fins para os que naceu, e creemos que contribúe a facerlle a vida un pouco máis fácil a moitas persoas con dificultades mentais de Santiago e o seu entorno.

A Xunta Directiva agradece cantos apoios recibiu neste período, tanto de asociados como de institucións públicas e privadas, e proponse continuar traballando co mesmo empeño nos anos vindeiros.

Especial recoñecemento queremos facer ós voluntarios sociais, sen cuxa participación esta asociación carecería de sentido.

2. PRESENTACIÓN

2.1. ANTECEDENTES

ITÍNERA naceu en Santiago de Compostela por iniciativa dun grupo de persoas que desenvolveron programas de voluntariado no Hospital Psiquiátrico de Conxo dende o ano 1993. Constitúese en marzo do 2005 como Asociación co ánimo de transcender o Hospital e prestar atención sobre todo a persoas que, estando na comunidade precisan unha rede activa de xente que lle procure protección e apoio.

2.2. POBOACIÓN A QUE ATENDE

Persoas que padecen algunha forma de Trastorno Mental Severo (esquizofrenia, cadros esquizoafectivos, trastorno bipolar...) e que, como consecuencia directa da mesma presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, illamento, marxinación e estigma social. O seu manexo para a familia e amigos é moi complexo e os síntomas alteran a vida familiar.

Cando carecen de apoio familiar e dos sistemas de protección social desembocan na marxinação e na pobreza.

2.3. OBXECTIVOS

1. Ofrecer oportunidades, no ámbito do ocio, educativo, e da ocupación, ás que non teñen acceso debido a discapacidade se non contan con apoio específico. (principio de igualdade de oportunidades).
2. Favorecer un mellor funcionamento, participación social e calidade de vida.
3. Conectar aos usuarios coa oferta de actividades dirixidas á poboación xeral, actuando como mediadores.
4. Constituír unha célula dentro do tecido social que contribúa a substituír as actitudes de rexeitamento polas de tolerancia e comprensión (loita contra as barreiras ambientais).
5. Apoio aos cuidadores primarios (familiares).

2.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

1. Modificación do entorno microsocia de convivencia. Crear oportunidades de integración e socialización con apoio dos voluntarios sociais. Tódolos programas foron encamiñados a tal fin.
2. Lograr vínculos afectivos persoais cos pacientes, que os motiven a asistir e participar. A maior dificultade é precisamente lograr que participen. O programa AMIGOS, que é transversal a tódolos demais, busca precisamente iso.
3. Coordinación cos servizos sociosanitarios públicos, coas asociacións de familiares e afectados, con asociacións de índole cultural, deportivo, para crear unha rede de relacións dos recursos formais e informais que proporcione verdadeira protección e apoio a estes pacientes .

2.5. ESTRUCTURA

- **NUMERO DE ASOCIADOS (31 decembro 2008): 118**
- **XUNTA DIRECTIVA**

1. Composición

PRESIDENTA: Lorena Alvite pereira.

VICEPRESIDENTA: M^a Asunción Soneira Soneira

SECRETARIO: Jaime Fráiz Vázquez

TESOUREIRO: Jaime Fraga Ares.

VOCAIS: David Facal Mayo

Antonio Rodríguez do Campo

M^a del Carmen Viz Otero

2.Actividade

A xunta directiva reuniuse en 9 ocasións e os temas tratados foron:

- Aprobación de programas, fixación de criterios co coordinador, e avaliación dos mesmos.
- Organigrama para mellorar os procedementos e funcionamento.
- Dia Mundial da saúde mental e Dia do Voluntariado.
- Aceptación de novos asociados.
- Contratacións.
- Busca e aluguer do piso de R.A. Entrega de chaves o día 22 de novembro. Adquisición de mobiliario.
- Decisión de asumir no ano 2009 a xestión dun segundo piso tutelado de 4 prazas fixas e 1 de respiro.
- Solicitude de subvencións públicas e xustificación.
- Solicitude de financiación privada
- Busca e captación de fondos.
- Xestión seguros do piso tutelado e de responsabilidade civil.
- Manter actualizado o noso espazo no anel solidario (portal da dirección social de Voluntariado)

• VOLUNTARIOS:

Número de voluntarios: 40.

Este número resulta idóneo no momento actual, polo nivel e a cantidade de actividades da Asociación, e para levar a cabo unha adecuada coordinación. Un maior número de voluntarios non resultaría necesariamente máis eficaz, e non se recomenda o seu aumento antes de mellorar outras cifras, nin o número de programas, nin o número de usuarios, senón o tempo que os usuarios dedican ás actividades.

¿Son sempre os mesmos 40?. Non, o número e a personalidade dos voluntarios varía a ó longo do ano. É dicir, ó longo do ano 2008 colaboraron 60 voluntarios distintos pero nunca traballaron xuntos máis de 40.

Examinamos os datos do 2008 englobando os cursos 2007-2008 e 2008-2009, xa que o curso académico é unha referencia na temporalidade dos voluntarios e marca o ritmo de varias actividades

Curso 2007-2008	
Número Voluntarios	40
Número Voluntarios Universidade	14
Número Voluntarios captación directa	26
Número horas semanais de acción voluntaria	141
Media de horas dedicadas semanalmente	3,3 horas
Moda	2 horas

Curso 2008-2009	
Número Voluntarios	40
Número Voluntarios Universidade	16
Número Voluntarios captación directa	24
Número horas semanais de acción voluntaria	131
Media de horas dedicadas semanalmente	3,1 horas
Moda	3 horas

Explicación:

Respecto ó curso anterior aumenta a moda pero diminúe a media¹. O incremento do número de horas que os voluntarios dedican é significativo. As causas que podemos sinalar son:

Mellora na racionalización dos recursos humanos da Asociación:

- Os voluntarios agora teñen máis información das tarefas que teñen que realizar. A entrevista inicial coas novas incorporacións axuda a determinar mellor o perfil dos voluntarios e en que programas e con que usuarios poden realizar un traballo máis eficaz.
- Os voluntarios antigos implícanse máis na integración dos seus novos compañeiros. Na maioría dos programas reina un ambiente de camaradería e as redes sociais dos voluntarios incrementanse cos seus compañeiros de voluntariado. Moitos deles fan amigos nestas actividades e outros incorporaron ós programas ás súas propias pandillas.

Todo isto repercute nunha maior vertebración dos programas que xa están solidamente asentados. Esta seguridade nos programas provoca que a incorporación e a continuidade dos voluntarios sexa cada vez máis doada.

- Mellora na comunicación cos voluntarios. Estes perciben apoio y coidase que non teñan sensación de soidade ou abandono na realización das súas tarefas.

Entonces ¿por qué diminúe o número de horas e a media de tempo dedicados semanalmente?. Ten que ver con dous feitos:

- “Efecto Chelo”: a diminución do número de horas que esta voluntaria

¹ Explicación diferenza entre *media* e *moda*: A **media** calcúlase dividindo o número total de horas de voluntariado entre o número de voluntarios, aquí encontramos unha gran diferenza entre programas, xa que os voluntarios que desenvolven o Programa Amigos tan solo recoñecen dedicarlle dúas horas semanais, mentres que noutros programas requiren mais tempo tanto para a súa execución (como medioambiental, fútbol) como para a súa preparación (Informática, Inglés, H. Administrativas, Debate...). Tamén inflúen na media aqueles voluntarios que dedican varios días a un programa (Informática, Xornadas de Fin de Semana) ou que participan en varios programas.

A **moda** é o número de horas dedicadas que máis se repite, sendo esta cifra de 2 horas semanais.

dedicaba no programa de respiros de fin de semana,- unha media de 15 horas semanais-, repercutiu sobre a media xeral.

- Aumento do número de horas de traballo de persoas contratadas nos meses de verán para os Respiros e os Campamentos permitiu recrutar un menor número de voluntarios.

Conclusión: No presente curso, temos un número igual de voluntarios pero mellor preparados e con maior compromiso, o que mellora a calidade dos programas e facilita o crecemento da asociación

Nº de horas dedicadas	Nº de voluntarios
2	15
3	14
4	2
5	4
6	3
8	1
15	1
TOTAL HORAS: 141	TOTAL VOLUNTARIOS: 40

As causas de cese da súa colaboración este curso foron, finalización de estudos, enfermidade ou embarazo e motivos laborais.

Causas baixa de voluntarios	
Finalización de Estudos	9
Motivos Laborais	8
Outros	3

A renovación dos voluntarios é, en todo caso aconsellable, mantendo sempre un grupo estable nos programas, xa que, fora de la Asociación continúan como elementos multiplicadores do mensaxe da mesma: a integración social das persoas con dificultades mentais é posible.

USUARIOS.

Relación de usuarios por programas:

14 usuarios	Participaron entre 4 -8 programas
30 usuarios	Participaron entre 2-3 programas
49 usuarios	Participaron en 1 programa
16 usuarios	Participaron menos de 3 veces en calquera programa
Total Usuarios :109	

Unha porcentaxe considerable dos usuarios que acoden á un só programa ven constituído por persoas ingresadas no Hospital Psiquiátrico.

- **PERSOAS CONTRATADAS**

Ademais de Carlos Martínez Uzal, contratado para coordinar as actividades desde o 1 de agosto de 2006 e Tamara Vedo Rodríguez, Traballadora Social contratada a tempo parcial para realizar a supervisión do piso protexido desde o 1 de setembro de 2007, no 2008 foron contratados, a tempo parcial, para reforzar o Programa de respiro e os Campamentos de verán: Arturo Bermejo e Sigrid Marquez e durante os meses de xullo a setembro e Ezequiel Velich e Sigrid Marquez, e os meses de setembro a decembro para o “Cociña a túa vida”. Continuamos contando cos servizos da xestoría Xestión Social para os temas laborais.

- **ASESORES TECNICOS**

- Carlos Álvarez García, psicólogo clínico, Unidade de Saúde Mental
- Eduardo Paz Silva, psiquiatra. Unidade de Readaptación Psicosocial do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

- **COORDINACIÓN INSTITUCIONAL**

- **FEAFES**
- **Bispado de Lugo**
- **Deputación da Coruña.**
- **Concello de Santiago.**
- **Universidade de Santiago e Lugo.**
- **Fundación Barrié.**
- **Obra Social La Caixa.**
- **SERGAS. Consellería de Sanidade.** No presente ano firmouse un Convenio denominado *Convenio de colaboración entre Itínera, voluntarios en saúde mental e o Servizo Galego de Saúde para a realización de programas de fomento e formación do voluntariado no campo da enfermidade mental e para o favorecemento dunha sociedade inclusiva.*
- **Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.**

3. PROGRAMAS 2008

3.1.DIRIXIDOS ÓS USUARIOS

Na Memoria pódese observar a diversidade de programas e actividades que se desenvolven, cun peso cualitativo e cuantitativo moi diferente. A razón desta diversidade é, fundamentalmente, a necesidade de responder a enorme heteroxeneidade de perfís dos usuarios tanto polo seu nivel de autonomía e funcionamento social, o seu nivel de instrución, motivación e preferencias, a aínda, da súa sintomatoloxía psicótica que persiste, en moitos casos, a pesar do

tratamento farmacolóxico.

Unha característica que enriquece cualitativamente os resultados do noso traballo é que, aínda que é evidente que xuridicamente son distintos o *estatus* de voluntario e *estatus* de usuario, na práctica tenden a desaparecer estas diferenzas. Por exemplo no programa medioambiental, fútbol, *amigos* e cine participan todos no mesmo rol de traballadores, futbolistas ou expectadores. Favorece a integración social, e diminúese a resistencia de moitos usuarios a mesturarse con persoas con enfermidade mental, derivada dunha imprecisa conciencia de enfermidade.

I. PROGRAMA ACADEMIA ÁGORA.

O Programa “**Ágora**” consiste na creación dun centro de estudos para completar a formación académica e cultural dos usuarios que, pola irrupción da enfermidade non puideron continuar os seus estudos ou, nalgún caso, nin tiveron acceso a eles. Tamén se imparten obradoiros de actividades de vida diaria e de habilidades sociais. Está orientado a unha mellor capacitación para ó emprego.

Para a súa realización contouse coa axuda financeira de Fundación Barrié de la Maza, que se destinou, sobre todo, a costear o alugueiro do inmobile onde se ubica, rúa da República Arxentina, 22-5ºA de Santiago.

Entre outubro e decembro 2008 impartíronse os seguintes cursos:

1- FORMACIÓN BÁSICA. Clases de apoio para conseguir principalmente o graduado escolar ou outro título académico

Horario: Martes a Venres de 11 a 13 h.

Número de Alumnos : 2

2- OBRADOIRO DE EMPREGO. Dirixido a aquelas persoas que están preparando unha oposición, se encontren cursando unha carreira universitaria ou anden na procura dun emprego.

Novembro 2008 luns de 18.00 -20.00 h

Seminario de Comunicación no ámbito laboral e
Obradoiro de entrevistas persoais

Poñente: Ricardo Martínez Bereijo. Director Territorial de Correos en Galicia.

Número de Alumnos : 9

3- ESCOLA DE IDIOMAS. Impartíronse clases de inglés e francés en niveles de iniciación e medio.

Inglés Horario: Martes de 11 a 13 h.

Número de Alumnos : 12

Francés Horario: Mércores de 17 a 18.30 h.

Número de Alumnos : 4

Mantense unha aula de inglés no Hospital Psiquiátrico de Conxo con 12 participantes que se imparte os martes de 18 á 18:45

4.- HABILIDADES XURÍDICAS E ADMINISTRATIVAS.

Introdución ó mundo do dereito, onde se ensinan cuestións xurídicas relacionadas co ámbito da saúde mental (incapacitacións, tutelas, curatelas...) co obxectivo de que coñezan os seus dereitos. No aspecto administrativo instrúeselle no manexo dos seus dereitos e deberes coas distintas administracións e como consumidores e usuarios de todo tipo de servizos.

Horario: Martes de 16.30 a 18.00

Número de Alumnos: 6

5.- DESENVOLVEMENTO CULTURAL. Creación de grupos de lectura e obradoiros de escritura e Iniciación ó cine.

Club de lectura:

Horario: Venres de 11 a 12.30 h

Número de participantes: 10

Iniciación ó cine:

Horario: Venres de 11 a 12.30 h

Número de Alumnos: 12

6.- ANÁLISE CRÍTICO E DEBATE. Os usuarios traballan semanalmente sobre un tema de actualidade, investigando en xornais, revistas especializadas e internet. Cada un debe estudar un aspecto diferente da noticia que se trate, que se pon en común e se debate na clase seguinte. Require moito tempo e esforzo dos usuarios. Entre semana dedican un día aparte para preparar por separado e outro para por en común có seu grupo a información acadada para levar os seus argumentos a punto para o debate do martes.

Horario: Martes de 18.30 a 20.00

Número de alumnos :16

7.- EQUIPO DE REDACCIÓN. Os usuarios desenvolven as súas habilidades literarias, fotográficas e de deseño na edición dos novos números

do B.O.I, a revista da Asociación que serve para promocionar tanto as actividades da asociación como os diversos talentos dos seus participantes. No mes de outubro saíu o número 1 á rúa.

Horario: Luns de 18.30 a 20.00

Número de participantes: 8

8.-VISITAS CULTURAIS. Regularmente organizasen visitas guiadas a museos da cidade e acódesse a diversos eventos culturais da cidade. Tamén se realizan visitas a outros lugares de interese, natural, cultural ou histórico da nosa comunidade. (San Andrés de Teixido, Ruta do Tambre, Fragas do Eume, Fistera...)

Número de visitas: 1 fin de semana ó mes

Número de usuarios: 6 por visita.

Avaliación Programa Academia Ágora:

- A Academia Ágora integrou os programas educativos que funcionaban anos anteriores con outros novos. A vertebración de todos nun só proxecto tivo efectos positivos como a creación dun centro de traballo e estudo de referencia. Os usuarios da asociación centralizan moitas das actividades cotiás na academia e incluso nela reúnense para estudar ou preparar os debates.
- Os usuarios expresan que experimentan un incremento do seu nivel cultural e formativo.
- A coordinación dos programas faise máis visible, este apoio axuda ós alumnos a interesarse e pedir máis información sobre o resto dos programas da asociación.
- O aumento na calidade dos programas aumenta tamén a participación e o número de horas que os usuarios dedican ós mesmos. Aqueles usuarios que acuden á Academia tenden a participar noutras actividades da asociación.
- Crecemento da rede social de cada un dos participantes, xa que moitos programas obrígnanos a interactuar entre eles e a relacionarse á saída das clases.



Nº usuarios	Nº de actividades
8	1
12	2
7	3
4	4
1	5
TOTAL USUARIOS: 32	

II. INFORMÁTICA

Trátase dunha actividade con moita tradición dentro da Asociación, e desenvolvida durante os tres últimos 3 anos cun alto nivel de participación.

O seu obxectivo é introducir ós alumnos no eido das novas tecnoloxías. Tódolos alumnos aprenden a utilizar correctamente un ordenador ó final do mesmo.

Impártense en tres niveis: Iniciación á informática, Ofimática básica (Word y Excel) e Internet.

O nivel de iniciación é o que requiren os alumnos ingresados no hospital Psiquiátrico de Conxo e mentres que, o manexo de programas máis complexos como ofimática ou creación de webs correspóndese mais cos coñecementos e intereses do resto de alumnos.

a. MÉRCORES	XOVES
10:00 a 10:45 (AURELIO AGUIRRE)	10:00 a 10:45 (AURELIO AGUIRRE)
11:00 a 11:45 (FONTIÑAS)	11.00 a 11:45 (FONTIÑAS)
17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)	17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)

TOTAL ALUMNOS 2008: 53

Metodoloxía

AVALIACIÓN INICIAL.

Con carácter previo fanse unhas probas básicas de informática os alumnos inscritos no curso para coñecer o nivel de partida, se coñecen o teclado do ordenador, o que esperan del curso, e o grao de implicación ou de motivación.

Os indicadores para esta avaliación recóllense nunha ficha individual para cada alumno na que queden reflexadas as preguntas e respostas así como a proba práctica co ordenador que consiste en escribir un texto e gardalo nunha carpeta creada previamente.

AVALIACIÓN CONTINUA

Ó longo do curso curso faise un seguimento ó alumno cada mes para ver a súa evolución.

Os indicadores son de tipo cuantitativo e consisten en facer unhas listas de asistencia e anotacións que fai o profesor cada semana para indicar o progreso do alumno nos seus traballos, nas que se reflexa o tempo que tarda en facer o exercicio, o acabado do mesmo, a axuda que solicita para facer o exercicio, e o grao de satisfacción do traballo realizado tanto por parte do alumno como do profesor.

AVALIACIÓN FINAL.

Faise o final del curso para darlle os resultados ó coordinador de programas da Asociación.

Os indicadores son, uns de tipo cuantitativo, facendo a media aritmética dos resultados das distintas avaliacións ó longo do curso, e outros de tipo cualitativo que son datos non numéricos nos que se recolle información das persoas participantes, e que teñen un carácter mais “discursivo”.

- En xeral cúmprense ben **obxectivos e dase un alto grao de cumprimento.**

Características

- Gran fidelización dos seus alumnos, que ano tras ano seguen asistindo.
- Tendencia a aumentar os alumnos realmente interesados na informática e non, simplemente, en pasar o tempo. As razóns poden ser tanto o menor número de derivacións desde os dispositivos de saúde mental (Hospital, Centros de día..), nos últimos tempos xa que ós equipos destes dispositivos preocúpalles que, polo menos, os pacientes teñan ocupacións ó longo do día e envían pacientes indiscriminadamente, e por outra, o alto nivel de profesionalización que lle imprime o monitor-voluntario responsable á actividade.
- Conta con varios espazos para o seu desenvolvemento (Centro Sociocultural de Fontiñas, Aurelio Aguirre de Conxo e sala de informática do Hospital Psiquiátrico de Conxo).

III. ARTES PLÁSTICAS

A través desta actividade os alumnos conocen diversas técnicas e procedementos da plástica ó longo da historia da arte. Experimentan có debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ó gravado, ó modelismo e á fotografía.

Lugar e horario de realización: Aula 2 do Centro Sociocultural de Fontiñas, do Concello de Santiago en horario de 9.00 a 11.00, tódolos xoves.

ARTES PLÁSTICAS	
Número Usuarios	14
Número Voluntarios	2
Horas Semanais Compartidas	3

Avaliación:

Os alumnos presentan un bo nivel de asistencia. Só faltan xustificadamente. Neste taller predomina a sensación de tranquilidade que se debe tanto as características da aula que é moi ampla e dispón de luz natural, como á experimentación dos traballos manuais de debuxo, pintura, maquetismo, pequenas figuras en traballos de modelado,... que realizan os diferentes alumnos. Sensación tamén xerada polo exquisito comportamento dos participantes.

A escasos dous metros da aula atópase o lavabo polo que non temos problemas no lavado de pinceis, mans e demais materiais. Hai que sinalar que o Centro Sociocultural é moi activo e compartímolo con moitas outras asociacións. Algúns dos traballos expostos na aula por outros grupos sérvennos como exemplos e ideas que ás veces materializamos.

Dispoñemos dun armario que, despois de dous cursos, debido á cantidade de traballos, libros e material que empregamos, está saturado.

Os materiais máis utilizados son papel dinA4, dinA3, cartolinas, lapis, gomas, rotuladores, pintura acrílica, óleo, pinceis, cartóns, material de reciclaxe (cartóns, caixas de galletas), materiais naturais (como pedra, madeira, brión), regras, compás, plastilina, barro,etc.

Apoiámonos en libros e revistas da Historia da Arte, para recoller ideas dos grandes artistas pero tamén tentamos que os alumnos realicen as súas propias creacións e composicións. Con frecuencia realizan copias integrando as súas propias ideas.

Os materiais cando se acaban repóñense coas achegas aportadas polos alumnos (cinco euros/mes).

Percíbese certa evolución en cada un dos alumnos e o taller parece axudar na autoestima dos *artistas*, orgullosos do resultado (“fixen isto e estoutro, fíxeno eu”).

IV. ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

Descrición da actividade:

Consiste na formación de grupos de traballo, de voluntarios. Os voluntarios son tanto os *voluntarios* en sentido estrito, como os propios afectados. É a mellor forma de integración. Os usuarios acadan o valioso rol de voluntarios e experimentan o sentimento de ser útil á comunidade.

Obxectivos:

- Integración social dos enfermos mentais: xerar un sentimento de pertenza a un grupo e de ser útil a comunidade.
- Ocupar o tempo libre nunha actividade de ocio construtivo.
- Incrementar as oportunidades de socialización e dinamización dos pacientes.
- Incremento de habilidades sociais: asistencia, puntualidade, relacións cooperadoras co grupo, distinguir roupa de traballo e da de paseo, etc.
- Educación medioambiental e respecto os valores ecolóxicos.

Lugar e horario de realización: No antigo cemiterio Hospital Psiquiátrico de Conxo, clausurado fai anos, e nas proximidades da Casa Rectoral de Merza no concello de Vila de Cruces. Os mércores de 4:30 á 6 da tarde.

MEDIOAMBIENTAL	
Número Usuarios	12
Número Voluntarios	8
Horas Semanais Compartidas	3

Avaliación:

- É o programa que rexistra mellor nivel de asistencia, bordeando moitos trimestres o 100% .

- Os usuarios e voluntarios demostran disciplina, espírito de sacrificio e compromiso có programa (trabállase independentemente do tempo atmosférico).
- Percíbese un incremento das habilidades coas ferramentas e do coñecemento do traballo.
- Debido ó aumento de participantes, a boa sinerxia producida polo traballo en grupo, a labor realizada durante estes anos está case terminada. Compre renovar os obxectivos deste programa e dar un paso máis. É un proxecto a redefinir en cursos vindeiros.
- Costa denominar como voluntarios ou usuarios os participantes nesta actividade. Polas actitudes e capacidades demostradas poden chamarse “traballadores” con pleno dereito.

V. FUTBOL

Obxectivos

- Incrementa-las relacións interpersoais .
- Incrementa-la rede social informal fora da familia e equipos sanitarios.
- Aumentala capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, deportividade, solidariedade...)
- Cubri-lo tempo libre cunha actividade de ocio.
- Incrementa-la súa integración e participación social

FÚTBOL	
Número Usuarios	20
Número Voluntarios	8
Horas Semanais Compartidas	3

Avaliación:

Os xogadores presentan gran motivación, nun programa que cada vez esixe maior esforzo físico.

Mellora evidente das condicións físicas dos participantes (todos son capaces de correr 3 km durante o inicio do adestramento que se alonga durante dúas horas) moitos deles reduciron ó consumo de tabaco e perderon kilos sobrantes. bo mantemento da disciplina e do orde, tódolos xogadores saben a que hora chegar, e as rutinas no vestiario (recollida de roupa, duchas...) e no campo.

Incremento do sentimento de equipo, identificación cós compañeiros como parte dun grupo, o que fomenta os encontros sociais fóra dos adestramentos.

VI. PROGRAMA AMIGOS

Descrición

É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do illamento producido pola súa enfermidade.

Ós usuarios solicitantes preséntaselles un ou dous voluntarios para que fagan de mediadores sociais e conecten ós participantes con outras actividades da asociación có fin de crear pandillas ou disfruten de ambientes máis normalizados e desinstitucionalizados (cafeterías, cine, paseos..).

Obxectivos:

- Crear vínculos favorecedores do benestar persoal
- Aumentar a rede social dos usuarios.
- Actuar como mediadores cara ambientes máis normalizados.
- Incrementar o apoio emocional e instrumental percibido.
- Incrementar a súa autoestima e calidade de vida.

Avaliación:

Número de USUARIOS

A creación de rede social para os usuarios da nosa asociación é un feito facilmente constatable.

Esta rede social conta có papel dos voluntarios como elemento dinamizador sen embargo nos últimos anos observamos que as relacións que mellor funcionan son aquelas que se crean nas distintas actividades. Xa que a rede social dos participantes non só crece en número, senón que acada permanencia no tempo.

Deste xeito, os usuarios da nosa asociación, reúnen a marxe das actividades e da presenza dos voluntarios, incluso para realizar actividades para as cales fai anos era imprescindible a súa presenza (ir ó cine, excursións...). Nestas relacións externas a figura da Asociación está presente (“saio cós amigos de Itínera” é unha frase moi repetida nos domicilios de moitos deles).

Gran compromiso dos propios usuarios á hora de incorporar a novos “amigos” na rede.

Hai que incidir na figura dos voluntarios como integradores na rede máis que como amigos exclusivos.

VII. PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR

Denominado tamén como Xornadas Activas de fin de semana. Os sábados e domingos un grupo de rapaces acude á Casa Reitoral de Merza no concello de Vila de Cruces nun exercicio de convivencia. Disfrutamos desta casa reitoral desde xuño 2005 en que nos foi cedida, en precario, polo Bispado de Lugo.

O último día dedícase ó sendeirismo e a excursións programadas a lugares de

interese histórico ou cultural así como as distintas romarías populares ou exposicións da comarca que nos axuden a coñecer mellor ós noso país.

Obxectivos:

- Incrementa-las relacións interpersoais .
- Incrementa-la rede social informal fora da familia e dos equipos sanitarios.
- Aumenta-la capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, distribución de traballos domésticos, solidariedade...)
- Respiro para as familias.
- Incrementa-la percepción de benestar e de goce a través do sentimento de pertenza ao grupo e actividades na natureza.

Xornadas Merza	
Número Usuarios	32
Número Voluntarios	8
Horas quincenais Compartidas	30



Avaliación

- A periodicidade axústase ás necesidades demandadas polos usuarios.
- Incremento do número de persoas diferentes que acoden á casa pero diminución da frecuencia de asistencia: veñen máis usuarios pero menos veces.
- Aceptación sen problemas, por parte dos usuarios, das rutinas e das normas da casa.
- Observáse moita colaboración para facer os labores cotiás, e máis iniciativa por parte dos usuarios para realizar os traballos na horta.
- bo clima de traballo, o que provoca que cada vez sexa máis eficaz a labor. A plantación de patacas foi tan exitosa este ano, que levamos moitos meses sen ter que compralas e pensamos que chegarán ata o verán do 2009.
- É un programa que esixe moito esforzo por parte dos voluntarios (sacrificio do tempo libre dos fins de semana) e que debería estar máis recoñecido.
- Nalgúns casos os usuarios manifestan que o programa de Merza é “un refuxio dos problemas e obsesións de tódolos días”.
- Precisamos revisar este programa, que xa leva funcionando case catro anos mimeticamente, para adaptalo ás necesidades actuais dos usuarios.

VIII. CAMPAMENTOS DE VERÁN TEMÁTICOS

Descrición do programa

Durante os meses de xullo e agosto realizáronse na Casa Reitoral de Merza catro campamentos de verán de corte temático:

- **Curso de cociña tradicional galega.** Do 19-22 de xullo. Os participantes aprenderon a facer dende unha empanada ou fritir pementos de Padrón ata como se cociña o polbo á feira ou se asan as sardiñas con cachelos
- **A música popular galega.** Do 2-5 agosto. Iniciación tanto as cancións populares galegas e as regueifas, como nos instrumentos senlleiros coma a gaita ou a pandeireta
- **Obradoiro de cantería en pedra.** Do 9-12 agosto. Arte con moita tradición no noso país, onde se coñeceu a tratar a pedra, e as principais ferramentas para traballala
- **Xogos populares galegos.** Do 14 -17 agosto. Aprendeuse tanto a xogar á chave como a construción dun papaventos

Participantes:

Para levar a cabo estes obradoiros contratáronse dous monitores. Ademais contamos con monitores voluntarios, expertos nos temas dos obradoiros. De acordo coas directrices de política lingüística, fomentase nos campamentos o uso do idioma galego.

Número de participantes	Usuarios	Voluntarios
Obradoiro de cociña	11	2
Obradoiro de música	11	4
Obradoiros de cantería	12	2
Obradoiro de Xogos populares galegos	10	2

Avaliación:

- Incremento de número de agrupacións e entidades que colaboran con nós (centros de día, centros socioculturais de Santiago, outras asociacións...), pero non se traduce nun aumento do número de participantes que tende a manterse estable.
- As quendas de usuarios deben deseñarse con moito tino, xa que durante cinco días xuntos é doado que xurdan problemas de convivencia.

- Contando con persoal contratado a función dos voluntarios difumínase e está pouco clara.
- A responsabilidade dos monitores é moi grande. É aconsellable reducir o número de usuarios por campamento.
- É necesario renovar os contidos dos campamentos e tamén os espazos. Se cadra habería que buscar alternativas a Merza a medio prazo.
- En termos xerais os usuarios mostran moito interese por acudir a esta actividade, pero obsérvase a necesidade de renovación para non caer na repetición e no tedio.

IX. PROGRAMA “COCIÑA A TÚA VIDA”

Como consecuencia da concesión de parte da subvención solicitada á Dirección Xeral de Acción Social puido poñerse en marcha este programa que consiste nun curso de cociña e servizo de comedor. Beneficiáronse del 12 alumnos-comensais.

O programa estivo á cargo de Sigrid Márquez Blanco como monitora-coordinadora e de Ezequiel Velich monitor-cociñeiro.

A actividade tivo lugar no piso alugado en República Arxentina, de luns a sábado, entre 11 a 15:30 e tivo 3 meses de duración, do 29 de setembro ó 29 de decembro.

Os obxectivos eran moi amplos. Ademais da aprendizaxe de poñer a mesa, preparacións de menús diferentes, realizar a compra, fregar e recoller a cociña, etc. e o incremento da autonomía persoal que comporta, pretendíase crear un lugar de encontro cálido facilitador de relacións persoais enriquecedoras onde os usuarios se encontrasen cómodos, con largas charlas á hora do café.

Outro aspecto de interese era facilitar o xantar a un prezo simbólico (5 euros/semana) de forma que lles supuxese un aforro tendo en conta que, da totalidade do grupo, 7 tiñan uns ingresos mensuais inferiores a 350 euros e 2 carecían de ningún tipo de ingreso.



X. PROGRAMA DE ALOXAMENTO. PISO TUTELADO

O piso continuou funcionando sen ningún incidente destacable. Permaneceu sempre ó completo. Hoxe os tres usuarios presentan unha gran estabilidade non se espera ningunha baixa a medio prazo. Un deles permanece desde outubro do 2007, e outros dous desde novembro de 2008 debido á marcha anterior de 2 usuarios. A praza de respiro rotou unha vez.

Todos os usuarios respetan o seu plan terapéutico, de ocupación e ocio. Ó longo deste ano co fondo aportado por eles (150 euros/mes), adquiriron por iniciativa propia unha tele e axudaron a comprar unha secadora. Ademais, do fondo común, van o cine os venres.

A supervisora ten unha dedicación media de dúas a tres horas de luns a venres, a mediodía e antes da cea. Nalgún momento aumenta o número de horas se a necesidade o require, como por exemplo cando se incorpora alguén novo pero con frecuencia procura ir menos tempo para que os usuarios medren en autonomía. Está localizada para os usuarios as 24 horas.

Neste ano contou coa presenza dalgún dos membros da Asociación, que cooperaron como voluntarios preparando e ensinando a facer comidas. Os voluntarios foron Antonio Rodríguez do Campo (catro veces), M^a Carmen Viz Otero (unha vez), Asunción Soneira Soneira (dúas veces), Jaime Fraga Ares (unha vez).

A supervisora mantén a coordinación cos respectivos equipos asistenciais.

X. PROGRAMA TEATRAL PARA Ó HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO

No mes de outubro desde o Hospital Psiquiátrico de Conxo solicitouse a nosa cooperación para poder proseguir o Programa de Teatro financiado pola Obra Social La Caixa. O non poder recibir unha institución pública doazóns solicitáronnos que esa financiación se canalizase a través de Itínera.

Foi aceptada esa colaboración e o programa sigue desenvolvéndose actuando como responsables as Terapeutas Ocupacionais do Hospital e como director e profesor é Lucas Herrador, Ldo. en Arte Dramático.

Participan entre 10-15 pacientes, ensaian no ximnasio e “escaleiras de mármore do Hospital” os martes e xoves de 16:30 á 18:.

3.2. DIRIXIDOS Á POBOACIÓN XERAL

- *Día mundial da saúde mental (10 de outubro de 2008)*. Remisión dun comunicado ós medios de comunicación. Organización dunha Mesa informativa instalada na praza do toural e participación nunha mesa redonda na que estiveron Sr. Girón (presidente de FEAFES), M^a Jesús Díaz Lorenzana, (presidenta de Fonte de Virxe), Mar Martín, concellala de Benestar social de Santiago, Luis Ferrer, Coordinador de Área e M. Carmen Viz, vocal de Itínera.

- *Día mundial do voluntariado (8 de decembro de 2000)*. A Asociación remitiu unha declaración a todos os medios de comunicación dirixida a divulgación do labor do voluntariado coas persoas que presentan trastornos mentais severos e a sensibilización da poboación xeral respectos as dificultades destas persoas. Enviouse tamén aos medios de comunicación o último número do BOI. Edición e reparto de díptico para distribuír en facultades e na rúa para captación de voluntarios.

4. RECORDOS E AGRADECIMENTOS ESPECIAIS

O pasado ano 2008 estreouse cunha triste noticia para Itínera. O día 8 de xaneiro falecía Frai José Gómez, Bispo de Lugo. Debémoslle á Frai José que nos permitira dispoñer da casa Rectoral de Merza, sen necesidade de informes previos, nin trámites burocráticos, só cando entendeu a axuda que a casa, baldeira daquela, podía representar para unha asociación recén constituída. Sempre lle estaremos agradecidos pola súa confianza en nós e nas nosas conviccións.

Na primavera deixóunos tamén Luis Lopez Miguez, usuario dos programas mediaambiental, Xornadas activas e futbolista no equipo dos Tornillos onde xogaba como porteiro.

E para finalizar, o inesperado pasamento de Ricardo Martínez Bereijo, colaborador voluntario de Itínera que, con 64 anos esperaba a súa próxima xubilación para iniciar un proxecto laboral para usuarios de Itínera no que estaba verdadeiramente ilusionado. Deixounos un gran oco e sempre o recordaremos.

Santiago a 16 de abril de 2009